

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE A ESTRADA E A "ASOCIACIÓN PARA O CRECEMENTO E ORIENTACION EN FAMILIA (ACROFAM)

En A Estrada, a de Decembro de

202 **COMPARECEN**

Dunha parte: DOn Gonzalo Louzao Dono cOn DNI ***091** , na sua calidade de Alcalde do Concello de A Estrada con CIF P-3601700B.

E doutra parte: Dna Kim LI0bet Sabas cOn DNI ***1085** actuandO en n0me e representación da "Asociación para O Crecemento e Orientacion en Familia (en adiante ACROFAM) con CIF - G - 94095098, inscrita n0 Rexistro Central de Asociacions da Xunta de Galicia co nº 2014/018198 Sección 1, na súa condición de Presidenta da asociaci0n arriba referenciada con domicilio para os efectos deste convenio en r/ Justo Martinez, nº 15, 1º D 36680 A Estrada

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade coa que interveñen neste acto e a necesaria para a sinatura do presente convenio e para tal efecto

MANIFESTAN

Primeiro.- A Educación Emocional, é o elemento crave para o desenvolvemento do Crecemento Persoal, do individuo. A construción dunha cultura de paz como vehículo de transmisión de Valores e de Aprendizaxe de Comportamentos, desde a infancia máis temperá, con perspectiva para a Convivencia.

Coa Educación Emocional, desenvolvemos Intelixencia Emocional, que é a responsable do 80% do éxito que como individuos, temos na vida. E crear espazos nas aulas, a través dos Obradoiros en diferentes materias transversais, axuda a desenvolve-la.

Unha das necesidades detectadas a través do exercicio deste proxecto, ten que ver co coñecemento e xestión das propias EMOCIÓNs.

Pensamos que a posta en marcha dun proxecto formativo destas características pode marcar o inicio dunha experiencia non só de adquisición de ferramentas e ou habilidades de xestión de autocontrol e de respecto facía un,e unha mesma, facía os demais e facía a sociedade, senon tamén no desenvolvemento persoal de cada alumno/a.

GONZALO LOUZAO DONO (1 para 2)
Dado en A Estrada, a 26/12/2025
Dado en A Estrada, a 26/12/2025
HASH: 2b79b5d424112597afcf90508b0239e



LI0BET SABAS, KIM (2 para 2)
Dado en A Estrada, a 26/12/2025
Dado en A Estrada, a 26/12/2025
HASH: d8903d3b7760b4033872c9e095ae17d



Dentro da Educación Emocional, tamén podemos desenvolver Pensamento Crítico, un proxecto educativo como complemento ao currículo escolar, convencidos de que a disciplina nos axuda a desenvolver habilidades fundamentais no ámbito persoal e profesional, para gozar dunha cidadanía competente e responsable.

Outro gran reto é a formación necesaria en "Valores dunha Sexualidade Responsable" na pre-adolescencia, e na propia adolescencia, porque neste período se sae do seno da familia para entrar e compartir o mundo de iguais, que implica o choque de crenzas transmitidas na familia sobre sexo e sexualidade cas de outros adolescentes e os medios de comunicación (incluíndo a Internet).

A familia é o primeiro axente socializador dos fillos polo que educar ben é un reto, unha responsabilidade e unha das nosas maiores satisfaccións. Actualmente a sociedade complexa e as súas influencias nos nenos e nenas fai que nos enfrontemos a un reto; as Escolas de Familias son reunións que proporcionan un marco ideal para intercambiar experiencias e contrastar rutinas na educación dentro do fogar familiar.

Tamén dando resposta á acción promovida polas familias do noso Concello solicitando apoio para nenos / e adolescentes afectados por Trastorno de Déficit de Atención e / ou Hiperactividade, púsose en marcha un programa de atención individualizada e apoio para as familias.

Tamén as novas tecnoloxías teñen cabida na Educación Emocional. A su aplicación e xestión vese afectada polo uso que se poida facer delas. He temos a obriga de axudarles a entender a diferenza nos usos que poden perxudicar.

Segundo.- Entendemos necesario o desenvolvemento de habilidades como Auto- Coñecemento, Auto-Xestión, Auto-Motivación, Empatía e Habilidades Sociais, que promovan mecanismos a través de unha serie de actividades desenvolvidas nas aulas que teñan como finalidade ensinar habilidades e estratexias pacíficas de resolución de conflitos del alumnado.

Dado o inicio dunha nova etapa chamada adolescencia que ten moito que ver co proceso polo cal o corpo, e eles/ elas mesmos/as están a acadar a madurez sexual, que permite que se fagan adultos / as, esperamos que a formación na aula proporcione a información para axudar a responder ás dúbidas que poidan existir.

Partindo das situacións cotiás e das dinámicas de funcionamento do grupo familiar, na Escola de Familias propíciase momentos de reflexión identificando e analizando as diferentes etapas que cumpre unha familia, promóvese a comunicación entre os integrantes e coa contorna da comunidade educativa, identifícanse as situacións problemáticas que se crean no interior do núcleo familiar tendo en conta os distintos roles e



funcións... en definitiva unha Escola de Familias é un dos mellores medios para mellorar a calidade educativa da estrutura familiar. Para que estas reunións poidanse establecer como escola de pais deben contar cunha periodicidade regular e unha asistencia sistemática.

É importante desenvolver unha acción coordinada no sentido de apoiar ás familias de persoas con TDAH ou trastornos asociados que viven diferentes situacións de conflito.

Facerles participar das novas no ámbito de as tecnoloxías co persoas que falan das súas experiencias onde eles poidan libremente preguntar, e importante.

Terceiro.- Co obxecto de aproveitar as sinerxias mutuas xeradas pola actividade de ambas institucións, as partes manifestan a súa intención de estreitar a colaboración mutua, polo que, de mutuo acordo, deciden subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes.

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes asinantes, para a realización de actividades destinada á realización de programas e estratexias para a convivencia escolar a e familiar, apoiando á labor n0s centros educativos apoiando a realización de ditas actividades (custos de posta en marcha, material de traballo e formativo, publicidade, monitores...) que se desenvolvan o longo do ano escolar 2024-2025

O Concello de A Estrada comprométese a destinar a cantidade máxima de 5.000 euros para o cumprimento dos fins do convenio, a través da subvención consignada a nome da "Asociación para O Crecemento e Orientación en Familia-ACROFAM", na aplicación 231.0.489.10 no orzamento municipal en vigor.

Esta subvención é compatible con calquera outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para unha mesma finalidade, procedentes de calquera fóra da administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Segunda.- Ámbito do convenio.

O ámbito de actuación do presente convenio circunscríbese ao ámbito de actuación propio do Concello de A Estrada e, nos centros sitos no concello e sostidos con fondos públicos.

Terceira.- Obrigas da ACROFAM



ACROFAM asume os seguintes compromisos:

- Facer constar en toda a documentación que se elabore e información emitida, a colaboración do Concello de A Estrada no desenvolvemento das actividades convidadas.
- Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención
- Xustificar ante o Concello a realización da actividade que determina o disfrute da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello, así como a calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, aportando a información que lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, no momento da xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.
- Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e de Seguridade Social.
- Proceder ao reintegro dos fondos recibidos nos supostos establecidos nas Bases de Execución do orzamento 2025, así como na estipulación quinta do presente convenio.
- Obter cantas autorizacións sexan precisas para o desenvolvemento da actividade subvencionada e cumprir as súas determinacións.
- Facilitar información do desenvolvemento da actividade, de cara ao seguimento por parte do Concello.
- Comunicar ao Concello a modificación de calquera circunstancia que fora tida en conta para a concesión da subvención.
-

Cuarta.- Xustificación e pagamento.

O pagamento da subvención que se instrumentaliza a través do presente Convenio terá carácter de prepagable e efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto polo beneficiario, e terá lugar antes do 31 de decembro de 2025.

Para a xustificación das cantidades asignadas neste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación:

- Compromiso de xustificar no prazo máximo de 3 meses desde que se efectúe o pagamento.
- Memoria cuantificada da actividade realizada ou da obra realizada, co desglose de gastos e ingresos indicando a procedencia dos mesmos. (Conta xustificativa)
- Declaración xurada conforme a subvención foi empregada para os fins para os que foi concedida.



- Declaración da non percepción, ou percepción, se é o caso (detallando importes) doutras axudas públicas para as actividades subvencionadas
- Facturas/Certificacións orixinais do gasto realizado ou fotocopias debidamente cotexadas, e no seu caso acreditación de ter realizado o pagamento das mesmas mediante xustificante da transferencia bancaria ou certificación de pagamento ou recibín (na factura deberá constar firma orixinal do receptor do pago, DNI, e nome lexible).

Cuarta.- Obrigas do Concello de A Estrada.

- Designar un responsable que actuará como interlo cutor para os efectos do presente convenio
- O Concello de A Estrada comprométese a facer unha aportación económica a ACROFAM para levar a cabo o desenvolvemento do presente programa por un importe máximo de 5.000,00 euros, **co carácter de prepago**

Establecer un calendario de reunións, cando así se considere oportuno e de interese para un mellor desenvolvemento do programa.

Quinta- Comisión de seguimient o.

Para a avaliación do programa, así como para resolver as dúbidas que poidan xurdir do cumprimento ou interpretación do presente convenio, ou acordar a súa modificación, constituiráse unha Comisión de Seguimient o que estará formada por:

- O profesional en quen delegue o Concello de A Estrada.
- Representante de ACROFAM designado pola asociación firmante.

Sexta.- Vixencia:

O presente convenio producirá efectos para actividades realizadas durante o curso escolar 2024/2025.

E en proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan o presente documento, por duplicado exemplar, no lugar e data indicado no encabezamento.

Por Concello de A Estrada

Por Acrofam



**Asd0.: Gonzalo Louzao Dono
Alcalde de A Estrada**

**Asd0: Kim LI0bet Sabas
Presidenta de Acr0fam**

